

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 02/12/2021 8:37:34

SAIDA

18685/21




Reclamante: 


Expediente. Nº RSCTG 150/2021

Correo electrónico: 

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por  mediante escrito do 27 de setembro de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2021, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.**  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 27 de setembro de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante o Concello de Vigo, ao plano de situación dos tramos da Rúa Milladas incluídos no inventario de bens ou no seu caso número de policía incluídos nos devanditos tramos a fin de poder identificar a súa localización e á documentación ou informes técnicos relativos ás medicións e características dos viarios que se fan constar na relación publicada no Portal de Transparencia do Concello.

A reclamante indicaba que non recibiu resposta á súa petición.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

**Segundo.** Con data do 13 de outubro de 2021 déuselle traslado da documentación achegada pola reclamante á Concello de Vigo para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

**Terceiro.** Con data do 15 de outubro de 2021, a interesada remite escrito no que comunica que se lle remitiu informe por parte do Concello e manifesta que a información que se lle remitiu referida aos anos 1993 e 2000 non é a solicitada por ela e non é a información que á data consta publicada no Portal de Transparencia do Concello. Remite copia dun escrito presentado por ela reiterando a petición aos efectos de que se teña en conta na resolución da súa reclamación ante esta Comisión.

**Cuarto.-** Con data do 26 de outubro de 2021 o Concello de Vigo contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que a interesada solicitou acceso a planos de situación dos tramos da Rúa Milladas incluídos no inventario de bens ou no seu caso o número de policía incluídos nos ditos tramos, documentación ou informes técnicos relativos ás medicións dos viaís que se fan constar no Portal de Transparencia del Concello.

Con data do 4 de outubro de 2021 emitiuse informe, polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Asistencia Municipal no que informa dos datos que constan no Inventario municipal de Bens e Dereitos, aprobado por acordo plenario de 04 de maio de 1993, modificado o 29 de maio de 2000, informe que se remite á interesada.

Con data do 15 de outubro de 2021 a interesada presenta escrito no que reitera a remisión da información, ao entender que o informe remitido non se refire á información solicitada e non consta publicada no Portal de Transparencia, e na mesma data presenta solicitude de remisión de diversa documentación referente á titularidade municipal duns tramos da Rúa Milladas, que está en trámite no momento de emitir o informe.

Con data do 22 de outubro de 2021 ditouse Resolución pola que se resolve sobre o acceso á información, na que se procede a facilitarlle a información que da rúa Milladas e seus ramais figura no vixente Inventario Municipal de Bens e Dereitos, a ficha técnica do inventario contendo os datos técnicos deses viaís e as follas cartográficas onde se atopan reflectidos, e na que se tivo en conta o carácter provisional dos datos reflectidos no portal de transparencia, pendentes de revisión, como así figura publicado neste.

**Quinto.-** Con data do 29 de outubro de 2021, solicítaselle por esta Comisión ao Concello de Vigo, informe sobre o escrito presentado pola interesada con data do 15 de outubro de 2021, no que manifesta a súa desconformidade co informe e documentación anexa remitido pola

Concellaría de Patrimonio del Concello de Vigo, en resposta á súa solicitude de acceso á información.

**Sexto.-** Con data do 29 de outubro de 2021, a interesada remite escrito no que comunica que con data do 27 de outubro de 2021, notificóuselle resolución pola que o Concello de Vigo inadmite a solicitude de información pública orixe do expediente desta Comisión e que na mesma data presentou demanda xudicial impugnando a resolución notificada.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñeráse no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Dado que a interesada presentou a súa reclamación ante a falla de resolución expresa unha vez transcorrido o prazo dun mes dende a data da solicitude, de conformidade co disposto no artigo 27.4 da Lei 1/2016, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

A interesada solicitou ao Concello de Vigo acceso a copia dun plano de situación dos tramos dunha determinada vía incluídos no inventario de bens municipal ou o número de policía e á documentación ou informes técnicos relativos ás medicións e características dos viarios que figuran no Portal de Transparencia do Concello.

O Concello emitiu informe dos datos que constan no Inventario municipal que notificou á interesada, e esta lle manifestou por escrito que o informe que se lle remitiu, non se refire á información solicitada.

Polo Concello, resolveuse expresamente con data do 25 de outubro de 2021, inadmitindo a solicitude de información pública, contra o que a interesada comunica que ten presentada demanda xudicial (enténdese que recurso contencioso-administrativo).

Dado que a reclamación ante esta Comisión se interpuxo contra a desestimación por silencio administrativo da solicitude de acceso á información, e que tras a presentación da mesma o Concello ditou resolución expresa, procede a estimación por motivos formais da reclamación presentada.

Respecto da disconformidade da interesada coa resolución ditada polo Concello, será o Xulgado competente o que resolva o que proceda, ao ter a interesada comunicado a esta Comisión a interposición do correspondente recurso.

Debe lembrarse ao Concello de Vigo que, consonte o disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaición de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

### **ACORDA**

**Único:** Estimar por motivos formais a reclamación presentada por ██████████ ██████████ contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante o Concello de Vigo, ao plano de situación dos tramos da Rúa Milladas incluídos no inventario de bens e á documentación ou informes técnicos relativos ás medicións e características dos viarios que se fan constar na relación publicada no Portal de Transparencia do Concello.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA  
DOLORES FERNANDEZ (R: 56500009C)  
Fecha: 2021.12.01 14:10:30 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia.**